

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000005.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 8 de febreiro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA BAIXADA A COTA CERO DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS DE PLANTA BAIXA, ENTRESOLLADO, TRES PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA, NA RÚA DA XESTA, NÚMERO 1, (2022/Y001/000252).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA DIVINA PASTORA, NÚMERO 6(2022/Y001/000284).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA LAMAS DE PRADO, NÚMERO 120 (2022/Y001/000270).

4 LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE ALMACÉN CON USO AGROPECUARIO PARA AUTOCONSUMO, NO LUGAR DE LAMAS DE VILAR, PEDREDA (2021/Y001/000067).

5 LICENZA URBANISTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DOMÉSTICAS DE MANEXO DE GANDO OVINO EN RÉGIME DE SEMILIBERDADE, EN DE VILACHÁ, PARROQUIA DE SAN PEDRO DE LABIO (2020/Y001/000320).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7483617591756465647.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-2-2023

6 LICENZA URBANÍSTICA PARA BAIXADA A COTA CERO DO ASCENSOR E A AMPLIACIÓN DUNHA PARADA NO BAIXOCUBERTA MODIFICANDO A MESMA, NO EDIFICIO SITO NA RÚA CIDADE DE VIGO, NÚMERO 5(2022/Y001/000242).

7 LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE RECONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE PARA A CRÍA DE NOVILLAS DE LEITE EN O BURGO, PARROQUIA DE SAN VICENTE DO BURGO (Expte: 332/14).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

8 CONTRATO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN SUBMINISTRACIÓN (ADQUISICIÓN), INSTALACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DE 57 DESFRIBRILADORES PARA EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2021-C0004-000016. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS ESENCIAIS.

9 CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE, MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS E DE SOFTWARE DA PLATAFORMA DE VENDA DE ENTRADAS DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DO PREGO TÉCNICO E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2023/C003/000005.

10. CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DE 57 DESFRIBRILADORES E 10 TOTEMS INSTALADOS NO CONCELLO DE LUGO E DA FORMACIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS. APROBACIÓN DO PREGO TÉCNICO E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2022/C003/000009.

11. CONTRATO DUN SERVIZO BANCARIO DE INSTALACIÓN DE TERMINAIS DE PUNTO DE VENDA NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO. (EXPTE REF: 2019-043). SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 10/03/2023 e o 09/03/2024.

12. CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO. ADXUDICACION POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. REF. EXP 2023/C004/000004.

13. CONTRATO DA OBRA RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN VARIAS RUAS DO BARRIO DO GRUPO LA PAZ; EXP. REF. 2021-C002-000055. PETICIÓN DE DITAME AO CONSELLO CONSULTIVA DE GALICIA Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO POR DEMORA NO CUMPRIMENTO DE PRAZOS.

FOMENTO

14. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LUGO E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (AGADIC) PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2023.

PERSOAL

15. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD PARA CATRO PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (2 OEP 2020, 1 OEP 2021, 1 OEP 2022).

16. INCREMENTO RETRIBUTIVO DO 2,5% , CON EFECTOS DO 1 DE XANEIRO DO 2023, PREVISTO NA LEI 31/2022, DO 23 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7483617591756465647.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-2-2023

XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2023.

17 PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A SETE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (UNHA INCLUÍDA NA OEP 2017, UNHA INCLUÍDA NA OEP 2018 E 5 INCLUÍDAS NA OEP 2020).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

DESENVOLVEMENTO LOCAL

18. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO -BORAMUS- PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE ELABORACIÓN DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AGUA.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Secretario Xeral do Pleno, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira,

sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,